



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 18 de setembro de 2014

Hora de comezo: 13.35 h

Hora de remate: 14.10 h

ASISTENTES:

Don Manuel Mouriño Varela

Don Jesús J. Santasmarinas Devesa

Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo a Alcalde accidental, don Manuel Mouriño Varela, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria - Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Rexeitamento solicitude presentada por don José xxxxx**
- 3. Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística**
- 4. Inicio de execución subsidiaria de corta de arboredo a carón do camiño público que comunica Rodiño Grande (Sergude) con Outeiro(Lamas)**
- 5. Requirimento limpeza leira dedicada a monte en Oural-A Devesa**
- 6. Concesión de altas en abastecemento e saneamento**
- 7. Balance do Servizo de Axuda no Fogar 2013**
- 8. Aprobación facturas**
- 9. Xeracións de crédito**
- 10. Concesión axuda de emerxencia social**
- 11. Baixa no programa de alimentos da Cruz Vermella**
- 12. Recoñecemento de trienios**
- 13. Devolución aval**
- 14. Aprobación convenio de colaboración entre Informática Máster e o Concello de Boqueixón**
- 15. Adquisición dun Rider para o proxecto “Protección e conservación do ambiente”**

- 16. Inicio contratación das obras incluídas no Plan DTC-93 da Deputación Provincial da Coruña**
- 17. Aprobación de certificación de obra**
- 18. Prórroga convenio de colaboración escolas deportivas municipais**
- 19. Aprobación de factura con cargo a subvención**
- 20. Reclamación contra a taxa do lixo**
- 21. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos presentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 4 de setembro de 2014.

2. Rexeitamento solicitude presentada por don José xxxxx

Antecedentes

Con data 22 de xullo de 2014, rexistro de entrada 14/1378, don José xxxxx solicita licenza de segregación en tres novas fincas previa agrupación de dúas existentes en Lestedo (según nota simple informativa que achega, de concentración parcelaria de san Verísimo de Sergude), na forma que se recolle no proxecto que acompaña á solicitude.

Según indica o Sr. xxxxx e acredita coas notas simples informativa K7621049 e K7621052, as parcelas son propiedade de dona Guillermina xxxxx. Sen embargo no proxecto que achega reflíctese como propietaria das parcelas dona Concepción xxxxx.

Consideracións Xurídicas

PRIMEIRA.- A Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no seu art. 31 establece que considéranse interesados no procedemento administrativo, entre outros, os que o promovan como titulares de dereitos ou de intereses lexítimos individuais ou colectivos.

No artigo 32.3 establécese que para formular solicitudes..., deberá acreditarse a representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado.

O artigo 70.1 da mesma lei establece que as solicitudes que se formulen deben conter nome e apelidos do interesado, e se é o caso, da persoa que o represente.

SEGUNDA.- A Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural, no artigo 206.2 establécese que para a tramitación e obtención da licenza deberá solicitarse, coa documentación escrita e gráfica necesaria para a identificación precisa do acto ó que se instou.

TERCEIRA.- o artigo 9 da constitución española que garante o principio de seguridade xurídica, entre outros.

Do escrito presentado polo Sr. xxxxx, constátase que actúa como solicitante pero non é o titular das parcelas das que solicita segregación e posterior agrupación, polo que carece do

interese lexítimo que esixe o artigo 31 anteriormente descrito. Tampouco se acredita a representación coa que actúa en nome da/s propietaria/s no caso de que isto sexa así.

Por último, dicir que certamente o regulamento de servizos das corporacións locais establece que as licenzas entenderanse outorgadas salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, pero isto non supón que o concello poida actuar sen efectuar trámite algún de comprobación e obviando as consecuencias e precisamente pola importancia do principio de seguridade xurídica tanto para a administración coma para o cidadán, pois trátase da certeza e legalidade do acto administrativo, o concello non debe admitir unha solicitude de cambio de estrutura dunhas parcelas, presentada por quen non ten a titularidade ou non acredita a representación da propiedade.

Por todo isto, a xunta de goberno acorda:

1.- Rexeitar a solicitude presentada por don José xxxxx para segregar e posteriormente agrupar parcelas sitas en Sergude (según nota informativa do Rexistro da Propiedade en Lestedo según o Sr. xxxxx), por non acreditar fidedignamente a titularidade das mesmas nin a representación ostendada, no seu caso.

2.-Comunicarlle que para continuar coa tramitación do expediente ao seu nome propio ou en representación da propiedade, deberá presentar no prazo de dez días, a documentación acreditativa da titularidade ou da representación da que actúa neste caso.

3. Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística

ANTECEDENTES

1. Con data 30 de abril de 2010 recíbese no concello unha denuncia presentada por don José xxxxx e dona Esclavitude xxxxx contra don Perfecto xxxxx e dona Adelina xxxxx, propietarios da leira número 94 da zona de concentración parcelaria de San Salvador, pola ocupación dun camiño público cunha edificación.

2. Dende esta data non constan máis trámites, e con data 25 de marzo de 2013 don José xxxxx e dona Esclavitude xxxxx solicitan que se reanude o expediente.

3. En Xunta de Goberno que tivo lugar o 20 de febreiro de 2014 acordouse:

a) Iniciar o expediente de reposición da legalidade urbanística contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx para levar a cabo a demolición dunha edificación anexa a unha vivenda de planta baixa e primeiro realizada en bloque de formigón estándar e que invade un camiño público que se empra no lugar da xxxxx en San Salvador de Ledesma.

b) Dar un prazo de 10 días ós denunciados para o exame do expediente e presentación de alegacións e documentación.

4. Con data 18 de marzo de 2014, don Jesús xxxxx alega que o galpón foi construído sobre un camiño fai máis de 30 anos, que a supresión do antigo camiño materialízase tanto polo proceso de concentración parcelaria dos anos oitenta do século pasado como polas Normas Subsidiarias do Planeamento Urbanístico de Boqueixón, e que de repoñer o camiño por considerar que é necesario para comunicar outras vías públicas, debería repoñerse na súa totalidade co itinerario que tiña orixinariamente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

1.O Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño polo que se regula o regulamento de bens das entidades locais, no seu artigo 8.4 establece que a alteración da cualificación xurídica dos bens prodúcese automaticamente, entre outros, no caso de aprobación definitiva de plans de ordenación urbana e dos proxectos de obras e servizos.

2. O artigo 1959 do Código Civil establece que se adquire por prescrición o dominio sobre os bens inmobles pola súa posesión non interrompida durante trinta anos, sen necesidade de título nin de boa fe salvo as servidumes continuas non aparentes e as discontinuas, sexan ou non aparentes que só se poderán adquirir en virtude de título.

3. Con data 16 de setembro de 2014 a técnica dos servizos urbanísticos municipais informa o seguinte:

“ A que asina , dona María Carmen Novoa Sío, arquitecta da empresa Estudio Técnico Gallego, SA, encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); a instancias da Secretaría, en relación coa denuncia presentada por don José xxxxx e dona Esclavitude xxxxx, emite o seguinte

INFORME TÉCNICO

Tal e como quedou reflectido en informes técnicos anteriores, o camiño obxecto da denuncia non aparece reflectido nos planos das NNSS, nin na cartografía dos documentos de aprobación inicial e provisional do PXOM. Non obstante, si que consta na cartografía final da concentración parcelaria de Ledesma.

Infórmase ós efectos oportunos”

4. O Pleno da corporación que tivo lugar o 17 de marzo de 1999 aprobou o “Inventario Municipal de Bens” o cal se someteu a información pública durante 30 días (Publicación no BOP número 79 do 9 de abril de 1999).

Non consta a presentación de reclamación algunha en relación coa existencia ou non do camiño en cuestión.

Sen embargo o referido camiño non consta inscrito no citado rexistro de bens aprobado.

Tampouco consta o camiño nas normas subsidiarias de planeamento de Boqueixón aprobado en 1996 e publicados no BOP número 137 do 15 de xuño de 1996.

Así mesmo, no Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado inicialmente o 14 de decembro de 2011 e exposto o público durante dous meses , non se presentaron alegacións ou reclamacións en relación coa existencia ou non do camiño en cuestión. Sen embargo o referido camiño non consta no citado Plan Xeral de Ordenación Municipal a esta data elaborado e que proximamente se someterá á aprobación provisional previa á aprobación definitiva pola Comunidade Autónoma.

Consecuentemente, de existir tal camiño, dado o tempo transcorrido desde a construción de edificación e tendo en conta que non se reclamou a súa existencia nin no momento de aprobación do inventario, nin das normas subsidiarias nin do actual PXOM pendente de aprobación definitiva, poderíase considerar tacitamente desafectado.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente de reposición da legalidade iniciado en Xunta de Goberno que tivo lugar o 20 de febreiro de 2014 contra don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx, posto que á data do inicio do expediente ten transcorrido o prazo de prescrición para a adquisición do dominio.

2. Comunicar este acordo ós interesados don Jesús xxxxx e dona Adelina xxxxx e ós denunciante don José xxxxx e dona Esclavitude xxxxx.

4. Inicio de execución subsidiaria de corta de arboredo a carón do camiño público que comunica Rodiño Grande (Sergude) con Outeiro(Lamas)

Antecedentes

O 6 de xuño de 2014 presenta escrito no Concello de Boqueixón, don Isaac xxxxx, con número de entrada 14/1031, instando o exercicio da potestade de defensa do camiño de dominio público municipal Rodiño Grande (Sergude) – Outeiro(Lamas).

Manifesta que circula polo citado camiño con dificultade e certo perigo material, posto que existen árbores e pólas das árbores que invaden dita infraestrutura.

Que as árbores e as pólas provocan riscos para o tráfico, danos e avarías nos vehículos e risco para as persoas, debendo ser eliminadas de tal forma que nesa franxa non existan polas en altura.

Afirma así mesmo que a execución dos traballos de corta deben serlle requiridos polo concello ás persoas propietarias, neste caso á propietaria dona Carmen xxxxx.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 3 de xullo de 2014 acordouse requirir a dona Carmen xxxxx, como propietaria das árbores (carballos) que están situados na parcela número 346 e lindando co camiño público, zona oeste, (**tres carballos**) e na parcela número 338 “Zanca da Abaixo” e lindando co camiño público, zona oeste (**un carballo**), para que procedese coa súa corta, por estar os mesmos invadindo o camiño de dominio público municipal Rodiño Grande (Sergude) – Outeiro(Lamas), dificultando o paso de persoas, de tráfico rodado e pola perigosidade existente.

Dáselle igualmente trámite de audiencia.

Recibe a notificación do requirimento (con rexistro de saída do 8/07/2014, número 14/652) o 11 de xullo de 2014.

Non presentou alegacións nin documentación ó respecto.

Feita inspección técnica o 3 de setembro de 2014 polo capataz de servizos infórmase que :
“En relación co escrito presentado no concello, por don Isaac xxxxx, instando ó exercicio da potestade de defensa do camiño público que comunica Rodiño Grande (parroquia de Sergude) con Outeiro (parroquia de Lamas), pola invasión do mesmo con pólas e árbores que invaden dita infraestrutura, e feita inspección técnica no lugar compróbase o seguinte:

- A ambos lados do camiño municipal, non existen pólas de árbores que impidan o paso de persoas ou de vehículos.

- Os catro carballos que invaden o camiño municipal Rodiño Grande a Outeiro, están sen cortar.

Deben ser obxecto de corta dada a perigosidade existente así como o ser un obstáculo para o tránsito de persoas, bens ou para o tráfico rodado”.

Consideracións Xurídicas

-Lei 7/1985 de 2 de Abril, reguladora de bases de réxime local, que sinala como competencia local, no seu artigo 25.2.d) “O concello exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das CCAA, nas seguintes materias:

d) ...Conservación de camiños e vías rurais”.

-O artigo 5 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, do 17/06/1955, sinala que a intervención das corporacións locais na actividade dos administrados levarase a cabo polos medios e principios enunciados na lexislación básica en materia de réxime local.

O concello debe exercer en todo caso competencias en relación coa seguridade nos lugares públicos, que implica a ordenación, vixilancia e disciplina nas vías públicas urbanas e nos camiños rurais.

-

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1) Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa corta de arbolado (catro carballos) que están situados na parcela numero 346 e lindando co camiño público, zona oeste, (**tres carballos**) e na parcela número 338 “Zanca da Abaixo” e lindando co camiño público, zona oeste (**un carballo**), todos eles propiedade de dona Carmen xxxxx, por estar os mesmos invadindo o camiño de dominio público municipal Rodiño Grande (Sergude) – Outeiro(Lamas), dificultando o paso de persoas, de tráfico rodado e pola perigosidade existente.

2. Comunicar que o custo previsto dos traballos de execución subsidiaria da corta de arbolado (catro carballos) ascenden a un total de **710 euros**, que terán que ser **aboados pola propietaria** dos mesmos, dona Carmen xxxxx.

3. Dar trámite de audiencia á propietaria, para que proceda no seu caso a presentar alegacións que estime pertinentes en relación co inicio de execución subsidiaria.

5. Requirimento limpeza leira dedicada a monte en Oural-A Devesa

O 1 de setembro de 2014, co número de entrada 14/1606, don Ramón xxxxx, veciño do lugar de Oural xxxxx número xxx, presenta escrito solicitando a limpeza de maleza e corta de arboredo, que están preto da súa casa. Manifesta ademais que o propietario da leira, a cal é a número 535, é don Ramón xxxxx.

Efectivamente compróbase no servizo urbanístico que a leira propiedade de don Ramón xxxxx ten o número 535 e que está situada no polígono 510 do lugar de Oural – xxxxx.

Feita inspección técnica o 9 de setembro de 2014 polo capataz de servizos infórmase que :

“Preto da casa de don Ramón xxxxx, existe unha leira dedicada a monte , con maleza e con árboredo (carballos), que non gardan as distancias esixibles na normativa de montes e prevención de riscos forestais, normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia. Respecto da vivenda a maleza está a 8 metros de distancia e as frondosas (carballos) a 12 metros de distancia”.

Consideracións xurídicas

- O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”.

- O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización“.

- O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).

As especies arbóreas sinaladas no anexo I da Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural).

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

- O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. **Requirir** o propietario da leira número 535 , polígono 510, do lugar de Oural – xxxxx, don Ramón xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de **limpeza** da maleza existente na mesma, nunha franxa de 50 metros perimetrais, respecto da vivenda de don Ramón xxxxx, e **corta de carballos** ata gardar 15 metros de distancia da citada vivenda, no lugar de Oural-xxxxx. A distancia medirase desde o paramento vertical da vivenda.

2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ó propietario obrigado.

3. Nos vindeiros anos, tendo en conta que a vostede se lle ven esixindo reiteradamente que proceda á limpeza da leira número 535 , polígono 510, (Requirimentos de limpeza acordados en Xuntas de Goberno do 20/10/2010; do 18/04/2012 e do 05/09/2013) INFORMARLLE que a partires do ano 2015, procederase “de oficio” coa limpeza da citada leira e antes de que se inicie a época de perigo de risco de incendios forestais, se vostede non o fai.

Os custos de dita limpeza repercutiránse a vostede como propietario da citada leira

4. Dar trámite de audiencia ó citado propietario para que en prazo de 10 días hábiles formule alegacións ou presente documentación oportuna.

6. Concesión de altas en abastecemento e saneamento

A) Altas en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiarios do servizo ás persoas que se relacionan a continuación.

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
Manuel xxxxx	xxxxx	xxxxx, s/n,15881 Boqueixón	54,81 €
José xxxxx	xxxxx	xxxxx, Loureda	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de abastecemento ás persoas que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivendas.

Ambos beneficiarios aboaron as taxas no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achegan xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo a cada un dos beneficiarios citados anteriormente .

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

NOME E APELIDOS	DNI/CIF	ENDEREZO INMOBLE	TAXA
José xxxxx	xxxxx	xxxxx, Loureda	54,81 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

1º- Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

D. José xxxxx aboou a taxa no número de conta xxxxx-(ABANCA). Achega xustificante da transferencia realizada.

2º- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente .

7. Balance do Servizo de Axuda no Fogar 2013

Dase conta do balance anual 2013, relativo ó Servizo de Axuda no Fogar:

2013- INGRESOS SAF BOQUEIXÓN	2013- GASTOS SAF BOQUEIXÓN
De organismos públicos (detallar organismos e conceptos)	Persoal:
Achegas Concello+Achegas Usuarios 211.164,34 €	Retribucións, (básicas e complementarias) 149.016,27 €
De institucións privadas (detallar institucións e conceptos)	Cotas Seguridade Social 43.995,65 €
	Xerais:
	Outras subministracións, (produtos, varios..) 476,35 €
	Uniformidad 1.161,59 €
	Teléfono 2.101,86 €
	Combustible Transporte 3.750,00 €
	Outros gastos (especificar):
	Seguros (RC e accidentes) 1.305,31 €
	Servizos bancarios 411,75 €
	Gastos de estrutura (Administración, consumibles).. 3.750,00 €
INGRESOS TOTAIS 211.164,34 €	GASTOS TOTAIS 205.968,78 €
SUPERAVIT 5.195,56 €	DÉFICIT 0,00 €

8. Aprobación facturas

Por unanimidade dos presentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 90.371,07 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobación de facturas pendiente de pago:

	Nombre	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ABRALDES GONZALEZ, JOSE	Cambio rodas camión lixo, reparación pinchazos,...	162	21300	1.343,62 €
2	ASCENSORES ENOR, S.A.	Mateamento ascensor mes de setembro	920	21300	76,23 €
3	ASOCIACIÓN TERRAS DE COMPOSTELA	Cuota de socio 2014	920	48000	1.000,00 €
4	AUTOELECTRICO SERGUDE, S.C.	Lámpara para camión do lixo	162	21300	14,00 €
5	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Agasallos certame de relatos Xosé Neira Vilas	334	22609	150,00 €
6	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	Reparación elíptica do ximnasio municipal	341	21200	195,51 €
7	BOTANA GRANJA, MANUEL	Insecticida killer líquido	920	21200	13,25 €
8	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Rebordaos 29/04 - 30/06	150	22100	94,76 €
9	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Rebordaos 29/04 - 30/06	150	22100	98,72 €
10	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Rebordaos 29/04 - 30/06	150	22100	148,30 €
11	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Ponteledesma 29/04-30/06	150	22100	12,44 €
12	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Engas 25/04-30/06	150	22100	156,92 €
13	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Casaldesuso 25/04-30/06	150	22100	73,89 €
14	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Codeso 25/04-30/06	150	22100	485,74 €
15	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Codeso 25/04-30/06	150	22100	47,38 €
16	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público escola Codeso 25/04-30/06	150	22100	10,79 €
17	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Outeiro 25/04-30/06	150	22100	29,03 €
18	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Igrexa Codeso 25/04-30/06	150	22100	209,78 €
19	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Local Social Codeso 25/04-30/06	150	22100	53,99 €
20	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Gafo-Codeso 25/04-30/06	150	22100	71,69 €
21	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Casalvieito 09/05-26/06	150	22100	34,36 €
22	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Casalvieito 25/04-26/06	150	22100	66,72 €
23	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Vixión 25/04-26/06	150	22100	20,19 €
24	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Vixión-Devesa 25/04-26/06	150	22100	67,28 €
25	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Granxola 09/05-30/06	150	22100	41,39 €
26	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Granxola 09/05-30/06	150	22100	41,39 €
27	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Maravexás 25/04-26/06	150	22100	88,73 €
28	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Oural 26/04-30/06	150	22100	17,02 €
29	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Camporrapado 29/04-30/06	150	22100	42,60 €
30	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Camporrapado 26/04-30/06	150	22100	170,99 €
31	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Peneliña 26/04-30/06	150	22100	201,74 €
32	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público escola camporrapado 29/04-30/06	150	22100	217,74 €
33	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Villalapaz 26/04-30/06	150	22100	190,31 €
34	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público campo da festa de Oural 26/04-30/06	150	22100	238,60 €
35	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público León 26/04-30/06	150	22100	53,36 €
36	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Silveira 29/04-30/06	150	22100	165,66 €
37	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Local social de Pousada 29/04-30/06	150	22100	61,98 €
38	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Supazo 29/04-30/06	150	22100	14,56 €
39	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Castro 26/04-30/06	150	22100	69,82 €
40	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Castro 26/04-30/06	150	22100	105,15 €

41	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Castro 26/04-30/06	150	22100	73,13 €
42	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Castro 26/04-30/06	150	22100	131,06 €
43	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Pumariño-Corral 29/04-30/06	150	22100	122,20 €
44	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Papete 26/04-30/06	150	22100	32,23 €
45	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Pousada 29/04-30/06	150	22100	105,56 €
46	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Pousada 29/04-30/06	150	22100	97,54 €
47	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Pousada 25/04-30/06	150	22100	214,25 €
48	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Sucira 29/04-30/06	150	22100	50,70 €
49	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Sucira 29/04-30/06	150	22100	148,00 €
50	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Viñas 29/04-30/06	150	22100	31,94 €
51	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Local social de Sucira 29/04-30/06	150	22100	20,30 €
52	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Fontebranca - Frenza 29/04-30/06	150	22100	255,66 €
53	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Casa da Cultura 01/06-30/06	150	22100	226,88 €
54	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado Local Social de Noente 01/05-30/06	150	22100	97,78 €
55	CIDE HCENERGIA, S.A.	Consumo eléctrico Local Social de Codeso 13/05-30/06	150	22100	170,45 €
56	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado Casa da Cultura 01/07-01/08	150	22100	179,87 €
57	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Ledesma 01/07-31/08	150	22100	314,60 €
58	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Vila 01/07-31/08	150	22100	594,70 €
59	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público Noente 01/07-31/08	150	22100	504,61 €
60	CIDE HCENERGIA, S.A.	Alumeado público o Castro 01/07-31/08	150	22100	265,46 €
61	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	Recollida cartón mes de xuño	162	21300	388,98 €
62	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	Recollida cartón mes de xullo	162	21300	388,98 €
63	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	Recollida cartón mes de agosto	162	21300	388,98 €
64	CRUCEIRO DA ULLA S.L	Aloxamento monitores Encontro Dragal Pico Sacro	430	22699	273,00 €
65	EUROLINGUA TRADUCCIONS, S.C.	Inglés mes de xullo	334	22609	378,00 €
66	EXCAVACIONES SOUTULLO S.L.	Traballos saneamento do Gafo – Codeso	453	21200	1.101,10 €
67	GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Alumeado público travesía de Rodiño 10/7-29/08	150	22100	416,03 €
68	HERMANOS COUTO FANDIÑO S.L.	Asfaltos e rebacheos en Lamas, Loureda, Gastrar e Vigo	453	21200	5.460,73 €
69	LEITEIRA PICO SACRO, S.C.L.	Semillas e abono piscina municipal	920	21200	81,62 €
70	MARBE HISPANIA, S.L.	Obra: tajeas en Vigo-Granxa-Codeso	453	21200	1.172,99 €
71	MARBE HISPANIA, S.L.	Saneamento do Gafo-Codeso	453	21200	2.454,65 €
72	MARCELINO ABOY TORRES	Aluguer carpa certame de bandas en Ledesma	924	22699	907,50 €
73	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	Obra "Senda peonil para seguridade vial na Corna"	453	61900	26.576,52 €
74	PINTURAS BOQUEIXÓN, S.L.	Traballos de pintura Local Social de Lamas	453	21200	2.303,84 €
75	SANCHEZ CARRILLO, DAVID	Correa cortacespede, fio desbrozadoras,...	130	21300	157,14 €
76	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	Prestación básica SAD mes de agosto	231	21000	1.401,78 €
77	SERVICIOS Y MATERIALES, S.A.	Servizo de axuda a domicilio mes de agosto	231	21000	16.829,63 €
78	SERVICRES DE MANTENIMIENTO, S.C.	Herbicida	920	21200	292,22 €
79	SOGAMA	Tratamento de residuos mes de agosto	162	21300	9.248,20 €
80	Tallaunión, s.l.	Revisión tacógrafo camión do lixo	162	21300	124,22 €
81	TALLERES GONZALEZ, S.L.	Reparación latiguillos pala	163	21300	41,76 €

82	TALLERES Y REPUESTOS BARCO, S.L.	Placa matrícula 1599GZL	130	21300	8,25 €
83	TRANSPORTES MOSQUERA, S.L.	Andaina maiores - envellecemento activo	334	22300	385,00 €
84	ULLA OIL, S.L.	Gasoil depósitos municipal	162	22103	3.732,23 €
85	VILLAVERDE NUÑEZ, PASCUAL	Liquidación de gastos	920	23020	40,00 €
86	VILLAVERDE NUÑEZ, PASCUAL	Liquidación de gastos	920	23020	6,00 €
				TOTAL	84.391,90 €

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

1	COMPOSTELA DIGITAL S.L.	Mantemento informático mes de agosto	920	21300	600,00 €
2	MONTAXES ELÉCTRICOS FERNÁNDEZ S.L.	Mantemento alumado público mes de agosto	150	21200	3.771,17 €
3	RICOH ESPAÑA S.L.U.	Mantemento fotocopiadoras mes de agosto	920	21300	805,84 €
4	SOC. EST. CORREOS Y TELEGR., S.A.	Correos mes de agosto	920	22200	133,02 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Escola Infantil mes de xullo	920	22200	47,80 €
6	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico Fax mes de xullo	920	22200	50,89 €
7	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico centraliña mes de xullo	920	22200	471,15 €
8	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico alarma mes de xullo	920	22200	29,68 €
9	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico correos mes de xullo	920	22200	25,94 €
10	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	Consumo telefónico PC mes de xullo	920	22200	29,14 €
11	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	Consumo mensared mes de xullo	920	22200	14,54 €
				TOTAL	5.979,17 €

9. Xeracións de crédito

Visto o informe favorable emitido pola Secretaria-Interventora do concello, a Xunta de Goberno acorda realizar as seguintes xeracións de crédito:

- A xeración de crédito na partida 226 na área de gasto 4, por importe de 3.571,29 €, axuda concedida con compromiso firme da Xunta de Galicia, xustificada pola xeración de mais ingresos na partida 313.
- A xeración de crédito na partida 226 na área de gasto 4, por importe de 13.688,00 €, axuda concedida polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, ingresando o 5 de agosto de 2014 correspondente ao 80% da subvención “Programa “Eramus+”, xustificada pola xeración de ingreso de 13.688,00 € na partida 42001.
- A xeración de crédito na partida 480 na área de gasto 2, por importe de 4.432,06 €, axuda concedida pola Deputación da Coruña, ingresando o 5 de agosto de 2014 correspondente ao 1º prazo da subvención para o mantemento de servizos sociais, xustificada pola xeración de ingreso de 4.432,06 € na partida 461.

10. Concesión axuda de emerxencia social

Logo de ver o informe da traballadora social no que propón que a don Manuel xxxxx, veciño da parroquia de Oural, se lle conceda unha axuda económica de pago único por emerxencia social, por importe de 600 €, para facer fronte ás necesidades de alimentación, hixiene e gastos de subministracións da vivenda,

A Xunta de Goberno acorda:

1.- Concederlle a don Manuel xxxxx, co DNI xxxxx, veciño de xxxxx – Oural, unha axuda de emerxencia social de pago único, por importe de 600 euros para facer fronte ás necesidades de alimentación, hixiene e gastos de subministracións da vivenda. Dita axuda concederase con cargo á subvención da Deputación da Coruña “axudas económicas para colectivos en situación de exclusión ou en risco de exclusión social”.

2. - O importe desta axuda será aboado directamente no número de conta bancaria do solicitante quen terá que xustificar o seu gasto a través da presentación no departamento de Servizos Sociais da documentación pertinente, ou ben a través dos seguimentos que a traballadora social efectúe no domicilio.

3.- Dar conta deste acordo a Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- Notificar este acordo ao interesado.

11. Baixa no programa de alimentos da Cruz Vermella

Logo de ver o informe da traballadora social, no que se propón a baixa no Programa de Alimentos da Cruz Vermella, a nome de dona María xxxxx, co DNI xxxxx, veciña do lugar de xxxxx Ledesma, ao terse modificado as condicións iniciais que deron lugar á concesión dos alimentos (supera o límite de ingresos), a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de baixa no Programa de Alimentos da Cruz Vermella a dona María xxxxx, co DNI xxxxx, veciña do lugar de xxxxx Ledesma, ao terse modificado as condicións iniciais que deron lugar á concesión dos alimentos (supera o límite de ingresos).

2. Notificar este acordo á interesada.

12. Recoñecemento de trienios

Dona Hortensia xxxxx, co DNI xxxxx, traballadora laboral temporal do grupo AP, comunica que o pasado 1 de abril de 2014 cumpriu un novo trienio na Administración, polo que solicita que lle sexa concedido o quinto trienio con efectos desde o 1 de abril de 2014.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer a dona Hortensia xxxxx, o recoñecemento ó quinto trienio, con efectos desde o 1 de abril de 2014.

13. Devolución aval

O día 6 de maio de 2013 asinouse o contrato coa empresa Excavaciones Construcciones Transportes Asfaltos Hnos. Couto Fandiño, SL para a realización da obra denominada Camiño cruce Lareo – Loureiro – Igrexa (Pousada) e outros por importe de 149.919,00 euros.

Con anterioridade, a dita empresa entregara o correspondente aval bancario polo importe de 6.195,00 euros.

O día 8 de setembro de 2014, Carlos xxxxx en representación de Hnos. Couto Fandiño solicita a devolución do aval e acompaña o informe do técnico director da obra, que comunica que a realización da mesma se fixo cumprindo as prestacións e condicións técnicas do contrato e segundo as previsións contidas no proxecto técnico e as especiais que impuxo a dirección.

Polo tanto e segundo o art. 102 da Lei de Contratos, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver o aval presentado pola empresa Hnos. Couto Fandiño para responder da obra denominada Camiño cruce Lareo – Loureiro- Igrexa (Pousada) e outros, polo importe de 6.195,00 euros.

Comunicar este acordo á Tesourería deste concello para que faga entrega do mesmo á empresa e ó servizo de contratación para a finalización do expediente.

14. Aprobación convenio de colaboración entre Informática Máster e o Concello de Boqueixón

O día 10 de setembro este concello e a empresa Informática Máster asinaron un convenio para a cesión en uso do local de Sergude coa intención de impartir cursos de informática. A continuación transcríbese literalmente e a Xunta de goberno acorda aprobar o seu texto:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE INFORMÁTICA MÁSTER E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

En Boqueixón, 10 de setembro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, D. Francisco Bernardo xxxxx, como representante legal de Informática Máster, con CIF xxxxx e con domicilio social en C/ Alcalde Juan Vidal núm. 19 baixo 15810 Arzúa

Doutra , D. Jesús Sanjuás Mera alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar este convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1 Que Informática Máster, precisa da utilización dun local no Centro Sociocultural de Sergude para a impartición dun curso de informática, os venres de 18.30 a 20.30 horas, durante un periodo de 8 meses a contar desde o día 12 deste mes.

2 Que o concello ten a propiedade e xestiona directamente o Centro Sociocultural de Sergude

3 Que como norma xeral, estas instalacións destínanse á practica de actividades culturais, asociativas ou recreativas, ben de particulares, asociacións, clubs ou entidades, sexan ou non veciños de Boqueixón

4 Que un fin básico que pretende o concello de cara ás súas instalacións é a promoción de actividades culturais.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, establecen o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLAUSULAS

1 O Concello de Boqueixón reserva a utilización da Centro Sociocultural de Sergude, nas condicións que se sinalan a continuación

2 A vixencia deste convenio será desde o 12 de setembro de 2014 ata o 15 de maio de 2015

3 Informática Máster utilizará con ánimo de lucro nese periodo de tempo o local, os venres de cada semana, no horario anteriormente especificado. Como medio de colaboración no financiamento dos custos de funcionamento, Informática Máster ingresará na conta núm. xxxxx que o concello ten aberta en ABANCA en Lestedo, o importe de 10 euros por día que se utilice a instalación, por adiantado.

4 As avarias, danos ou desperfectos que se ocasionen nese periodo de tempo e horario no mobiliario ou nas instalacións por unha actuación negligente ou impropia dará lugar á responsabilidade por parte de Informática Máster, que lle poderá ser reclamada polo concello.

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado este convenio no lugar e data do encabezamento.

Francisco B. xxxxxxxx

O alcalde

Informática Máster

Asdo. Jesús Sanjuás Mera

15. Adquisición dun Rider para o proxecto “Protección e conservación do ambiente”

Con data 28 de maio de 2014 a alcaldía ditou unha resolución na que se aprobaba solicitar á Consellería de Presidencia unha axuda económica para o proxecto denominado “

Protección e conservación do ambiente” por un importe total de 16.851,42 euros, dos que para gastos de funcionamento se destinan 7.000,20 euros e para investimento 9.851,22 euros.

Dentro deste proxecto, que está orientado á protección e conservación do medio ambiente, inclúese a adquisición dun rider coa finalidade de conservar as zonas verdes limpas e desbrozadas para unha mellor prevención de cara ós incendios que se poidan producir.

Con data 19 de agosto, ten entrada no concello a notificación da concesión da subvención por un importe total de 11.795,99 euros, dos que 6.895,85 euros son concedidos para investimento e 4.900,14 euros para gastos de funcionamento.

Polo tanto, do importe solicitado para a adquisición dun rider, 9.851,22 euros, concedeuse a cantidade de 6.895,85 euros, a diferenza terá que ser achegada polo concello, 2.955,37 euros.

Na memoria valorada enviada á Consellería, especificábanse as características técnicas da máquina que se pretendía adquirir, no caso de que se concedera a axuda, e que son as seguintes:

Tractor corte frontal

Marca STIGA

Modelo: PARK POWER PRO 4WD

Motor: BRIGGS STRATTON VANGUARD BICILÍNDRICO 20 HP (Kw. 11,9)

Transmisión: HIDROESTÁTICA CON TRACCIÓN ÁS 4 RODAS

Dirección: ARTICULADA SERVOASISTIDA

Corte: PLATAFORMA 110 cm.

Altura de corte: REGULABLE

Velocidade: 11Km/h.

CABEZAL DESBROZADOR DE 92 cm.

O importe máximo de licitación fíxase en 9.851,22 euros que coincide co orzamento subvencionable.

Coa finalidade de cumprir as bases de execución do presuposto vixente no relativo ós contratos menores, para a adquisición de subministros cuxa contía é superior a 3.000 euros, a Xunta de Goberno acorda:

A Adquirir un rider coas seguintes características técnicas:

Marca STIGA

Modelo: PARK POWER PRO 4WD

Motor: BRIGGS STRATTON VANGUARD BICILÍNDRICO 20 HP (Kw. 11,9)

Transmisión: HIDROESTÁTICA CON TRACCIÓN ÁS 4 RODAS

Dirección: ARTICULADA SERVOASISTIDA

Corte: PLATAFORMA 110 cm.

Altura de corte: REGULABLE

Velocidade: 11Km/h.

CABEZAL DESBROZADOR DE 92 cm.

B Solicitarlle presuposto ás seguintes empresas:

Comercial Sánchez
Travesía do Sisto – Marrozos
15893 Santiago

Agrícola Salgueiro, SL
Lg. Muiña – Quión s/n
15824 Touro

José Manuel Ruso Bello
Ponte Nova, 20
15864 Ames

16. Inicio contratación das obras incluídas no Plan DTC-93 da Deputación Provincial da Coruña

No Pleno do día 14 de maio de 2014, aprobouse a participación no Plan DTC-93 Unha Deputación da todos os concellos e solicitar subvención para a realización das seguintes obras e polo importe que se especifica no seguinte cadro:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA	ACHEGA
	TOTAL	MUNICIPAL	PROVINCIAL
Reparación camiño da Igrexa – cruce do Castelo (Lestedo) e outros	36805,7	0	36805,7
Reparación camiño de cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros	52197,59	0	52197,59
Reparación camiño subida a Quian (Sergude) e outro	51157,26	0	51157,26
T O T A L	140160,55	0	140160,55

Na mesma sesión aprobáronse os correspondentes proxectos técnicos.

O día 9 de setembro, rexístrase nesta entidade, a circular enviada via telemática sobre a aprobación do plan e as instrucións a seguir para a súa tramitación. Dentro das instrucións figura que os pregos que se deben aplicar para a contratación, son os publicados pola Deputación da Coruña. O prazo para adxudicar as obras remata o 15 de decembro de 2015.

Polo tanto, debido ó bo tempo que está a facer e a que as obras a realizar son nas vías municipais, propono á Xunta de Goberno:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras por procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados na páxina web da Deputación que foron modificados cos anexos que figuran na propia páxina.

2 Aprobar os cadros de características das obras incluídas dentro do Plan:

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Reparación camiño da Igrexa – cruce do Castrelo (Lestedo) e outros	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	36.805,7 Euros (IVE INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	411.619.03 do orzamento do ano 2014	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 6 meses REDUCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable	
5. CLASIFICACIÓN		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: - Consulta a tres empresas - Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta	
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.boqueixon.com 8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto	
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai	
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai	
12. CONTROL DE CALIDADE		
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA		

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Reparación camiño de cruce Gastrar a cruce de Vigo e outros	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	52.197,59 Euros (IVE INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN	411.619.04 do orzamento do ano 2014	

ORZAMENTARIA	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 6 meses REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable
5. CLASIFICACIÓN	
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: A) Consulta a tres empresas B) Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.boqueixon.com 8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai
12. CONTROL DE CALIDADE	
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Reparación camiño subida a Quian (Sergude) e outro	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	51.157,26 Euros (IVE INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	411.619.05 do orzamento do ano 2014	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 6 meses REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable	
5. CLASIFICACIÓN		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: A) Consulta a tres empresas B) Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta	
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.boqueixon.com 8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto	
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai	
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai	
12. CONTROL DE CALIDADE		
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA		

Outros datos:

Información

Perfil de contratante www.boqueixon.com

Teléfono: 981. 513 061

Lugar onde se poden obter copias do proxecto e prego: Servizo de Contratación

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____

con domicilio en _____.

rúa _____

nº _____

teléfono _____

Fax (optativo) _____

dirección de correo electrónico (optativo) _____

con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº _____

actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou CIF Nº _____

e con domicilio en _____.

rúa _____

nº _____

teléfono _____

Fax (optativo) _____

dirección de correo electrónico (optativo) _____

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras comprendidas no proxecto de _____

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo sen IVE..... euros) .

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) % importe euros

C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- Non concorre con empresas vinculadas.
- Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
CIF

_____ de _____ de 201_

O LICITADOR (asinado e rubricado)

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

- (1) A. DOCUMENTACIÓN
B. REFERENCIAS TÉCNICAS
C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2) _____ presentada por ..
Teléfono _____
Fax _____

_____ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

FASE 1

A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

- a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): **17 puntos**
b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): **8 puntos**
b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) **13 puntos** conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1.51 a 3 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0.51 a 1.50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0 a 0.50 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times \%$ incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

- c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): **12 puntos**

B) CRITERIOS CON CARÁCTER ESPECÍFICO

Non se valora a redución de prazos

FASE II

- a) **Oferta económica: 50 puntos.**

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Obras y Viales de Galicia, SL
Parque Empresarial de Sigüeiro – Parcela 56 A
15688 Oroso

Construcciones y Transportes Tato Regueiro, SL
Curiscada – Burren – Arzúa (CP 15819)

Alcomte Galicia, SL
Ponte, 12 – Grixoa
15898 Santiago de Compostela

17. Aprobación de certificación de obra

Por resolución da alcaldía ditada o día 9 de xullo de 2014, adxudicouse a obra denominada Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro, incluída no Plan POS 2014, por importe de 107.811,68 euros á empresa Oviga,SL.

O día 3 de setembro, ten entrada no rexistro municipal a certificación núm. 1 da dita obra por importe de 26.576,52 euros. Xunto coa mesma, acompáñase a correspondente factura.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a certificación núm 1 da obra denominada Senda Peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) e outro, incluída no Pos 2014, por importe de 26.576,52 euros.

Facer o pagamento correspondente á empresa adxudicataria.

18. Prórroga convenio de colaboración escolas deportivas municipais

Na Xunta de Goberno do día 3 de outubro de 2013 aprobouse o convenio de colaboración asinado entre o Club Escola de Fútbol de Boqueixón e o Concello de Boqueixón, co obxectivo de promocionar e xestionar as diferentes escolas deportivas que aparecen na oferta deportiva municipal.

Debido a que se está rematando a vixencia do convenio asinado o pasado ano e que ambas partes están de acordo coa súa prórroga, a Xunta de Goberno acorda:

Prorrogar o convenio específico de colaboración nas escolas deportivas municipais, asinado entre o Club Escola de Fútbol de Boqueixón e o Concello de Boqueixón, para a tempada 2014-2015 nas mesmas condicións que as que figuraban o pasado ano.

Comunicar este acordo ás partes.

19. Aprobación de factura con cargo a subvención

No mes de maio, via telemática, a Deputación da Coruña comunica a este concello que se vai recibir unha subvención para actividades de envellecemento activo para maiores para o ano 2014, por importe de 3.000,00 euros.

O día 22 de xullo recíbese a cantidade de 1.500,00 euros como adianto do 50% da subvención concedida.

O día 9 de setembro, con rexistro 14/1664, a empresa Transportes Mosquera, presenta unha factura pola realización dunha viaxe de Ponteledesma á Coruña o día 11 de xuño, por importe de 385,00 euros.

Dentro da memoria de actividades que se enviou á Deputación para a solicitude da axuda, figuraba a realización dunha andaina polo paseo marítimo de Riazor, dirixida ós maiores deste concello. O día 11 de xuño, foi cando se realizou dita actividade e para isto foi necesario utilizar o transporte que levar ós participantes da andaina á Coruña.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. 570/2014 emitida por Transportes Mosquera pola realización dunha viaxe o día 11 de xuño, de Ponteledesma á Coruña por importe de 385,00 euros.

Imputar o pagamento desta factura á subvención concedida pola Deputación da Coruña para o programa de Envellecemento Activo.

20. Reclamación contra a taxa do lixo

O día 18 de agosto de 2014, dona Trinidad xxxxx presenta unha reclamación contra da taxa do lixo onde expón que no ano 2012, comproulle a dona Antonia xxxxx a vivenda que agora habita.

Neste ano 2014 chegoulle ó seu domicilio o recibo do lixo do ano 2013 pero a nome da antiga propietaria. Polo tanto o que solicita e que se anulen os recibos a nome da anterior dona e se poñan ó seu nome.

Comprobados os datos achegados, efectivamente consta que o recibo do imposto de urbana do ano 2013 xa ven a nome de Trinidad xxxxx, e que no padrón do lixo non se realizaron os cambios de titular.

Polo tanto é preciso anular o recibo do ano 2013 a nome da anterior propietaria e tamén anular o recibo do ano 2014, debido a que o padrón xa foi enviado á Deputación e os recibos xa están emitidos.

Á vista destes datos a Xunta de Goberno acorda:

Anular nos padróns do lixo dos anos 2013 e 2014 a nome de Antonia xxxxx con núm. fixo xxxxx. Así mesmo dar de baixa no padrón do ano 2015

Crear un recibo a nome de Trinidad xxxxx no padrón do lixo do ano 2015.

Comunicar a dona Trinidad xxxxx que debe aboar a taxa do lixo correspondente ós anos 2013 e 2014 por un importe de 62.53 euros cada ano.

Comunicar á Deputación este acordo para que se realicen as correspondentes anulacións.

21.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente accidental remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria .

A Secretaria – Interventora

Visto e prace
O Alcalde accidental